



OS CURRANTES:

GRUPO 1: ENTRE LIÑAS.

CONCHA LEAL (PROFESORA), J. ANTONIO SÓÑORA (1º ESO B), DANIEL NEU (1º ESO B), GLORIA GARCÍA (1º ESO B), FÁTIMA MUÍÑOS (1º ESO B), TERESA FERNÁNDEZ (4º ESO A), KATIA COLLAZO (4º ESO A). TAMARA ANTELO (6º A PRIM.), ADELA DÁVILA (6º A PRIM.), ADRIANA FROJÁN (6º A PRIM.); ALBA SOUTO (4º B PRIM.)

GRUPO 2: MÚSICA, INTERNET, VIDEOXOGOS, ARTE, ENQUISA.

MARTA MOREIRA (PROFESORA), NOELIA GONZÁLEZ (4º A PRIM.), LETICIA MOURELOS (1º A PRIM.), NATALIA AGRAFOJO (4º A PRIM.), IGNACIO LARRONDO (1º ESO B), PAULA MOLEDO (1º ESO A), VANESA TUBÍO (1º ESO A), MARIÑA PARADELA (3º ESO B), LYDIA SUÁREZ (3º ESO B).

GRUPO 3: A ARTE RELIXIOSA, MUNDO SOLIDARIO

CLARA RODRÍGUEZ (PROFESORA), KATIA COLLAZO (4º ESO A), GONZALO GONZÁLEZ (4º ESO B), RAQUEL LAGO (4º ESO A), IVÁN BERMÚDEZ (3º ESO A), PABLO ROO (3º ESO B), VÍCTOR GÓMEZ (3º ESO A).

GRUPO 4: CINE, TEATRO, OPINIÓN, MENSAXES, IN MEMORIAM.

ISABEL NIETO (PROFESORA), BEATRIZ SUÁREZ (2º ESO B), SARA AGRASO (2º ESO A), TAMARA HERMO (2º ESO B), IRIA SUÁREZ (4º ESO A), SABELA FIGUEIRAS (4º ESO A)

GRUPO 5: DEPORTES, PATIO DE RECREO, ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, MUNDO VIVO.

Mª JESÚS RODRÍGUEZ (PROFESORA) ADRIÁN FERNÁNDEZ (3º ESO A) DAVID FERNÁNDEZ (1º ESO A), SERGIO VIDAL (1º ESO A) ALICIA RODRÍGUEZ (1º ESO A), ABEL ABEIJÓN (1º ESO A), ALBA SOUTO (4º B PRIM.), VERÓNICA AGRELO (4º A PRIM.), ANAIS LOJO (4º A PRIM.), CRISTINA GONZÁLEZ (4º A PRIM.), CAROLINA CASTRO (4º A PRIM.), ARANCHA CAMIÑA (5º A PRIM.), ÁNGEL GONZÁLEZ (5º A PRIM.).

COLABORACIÓNS:

ANA GLORIA MATO (ORIENTACIÓN).

JOSÉ MANUEL MOSQUERA (INGLÉS).

Mª JESÚS SOUTO (MEDIOAMBIENTE), E ALUMNOS DE 4º DE ESO: ESTEBAN ARES, DOMINGO LORENZO, MIGUEL OUTEIRAL, LIDIA PLACES, TERESA FERNÁNDEZ, NURIA FABEIRO, CARMEN PÉREZ, Mª TERESA PONTE.

Mª JESÚS RODRÍGUEZ (FRANCÉS), ALUMNOS DE 2º B, SARA AGRASO (2º ESO A), KATIA COLLAZO (4º ESO A), RAQUEL LAGO (4º ESO A), GONZALO GONZÁLEZ (4º ESO B).

ALUMNOS DE 4ºB PRIMARIA: TERESA PÉREZ E ALBA SOUTO.

ANA FERNÁNDEZ E ALUMNOS DE INFANTIL B.

EX-ALUMNOS: LORENA COTO, SUSANA GONÇALVES, SILVIA DA CUÑA E ROSA Mª FIGUEIRA.

ENMAQUETACIÓN:

Mª JESÚS RODRÍGUEZ, BEATRIZ SUÁREZ Y RAQUEL LAGO. INFINITAS GRACIAS A FRANCISCO PÉREZ CAAMAÑO (GRAFINOIA).

PORTADA: JACOBO MAYO MAROÑAS 5º A PRIMARIA.

CONTRAPORTADA: LAURA BERMÚDEZ CASTRO INF. A.

ENTIDADES COLABORADORAS:

APA DO CPI CERNADAS DE CASTRO



Autos COMPARADO Lousame

cousas mellor. Aprendemos o que era un índice, e para que servía, mirando en varios libros que o tiñan. Despois fixemos un para o noso traballo. Separamos as cousas que sabiamos dos tiburóns en varias partes:

- ✍ Como son
- ✍ Como nacen
- ✍ Que comen
- ✍ Curiosidades
- ✍ Algúns tiburóns: marrajo, jaquetón, tintorera, pintarroja, tiburón peregrino, pez martillo, tiburón ballena
- ✍ Outros tiburóns



Tivemos entón que poñer cada información no seu sitio: o que era de como eran, do que comían, de como nacían... E volver a corrixir para que nos quedara o mellor posible.



Despois xa só nos faltaba escribir por parellas as letras e cada unha foi facéndoos como era quen.

O último paso foi colocar as fotos e os textos no libro e levalo por fin a casa.

As nosas familias estaban moi contentas co noso traballo e nuns folios que Ana colocou ó final do libro, escribiron a súa opinión que despois Ana nos lía a todos na clase.

Agora quixemos contárvolo nesta revista do cole porque aínda que somos os máis novos, estudiamos e traballamos moito. Esperamos que vos resultara interesante, e xa sabedes se queredes máis información un día podemos contárvola ou prestarvos o libro para que a poidades ler.

Dúas páxinas do noso traballo



Editorial

Queridos lectores:

Van catro anos xa que un grupo de alumnos e profesores deste centro iniciaron unha aventura chamada *Xogaina*, unha revista escolar que tentaba ser o espello da realidade vivida no Cernadas de Castro, e ó mesmo tempo, un lenzo onde plasmar o pensamento e inqedanzas dos alumnos.

Hoxe, os alumnos e profesores retoman esta iniciativa para realizar este segundo número, coa intención de que aquela empresa teña continuidade.

Na revista que hoxe tedes nas vosas mans vese reflectida a nosa realidade, neste curso que xa remata, e queremos facervos partícipes a vós, que nos ledes, das nosas alegrías e das nosas penas.

Dentro destas últimas comezaremos lembrando a dúas profesoras, que tanto os alumnos como os seus compañeiros levaremos na nosa memoria con respecto e agarimo.

A elas, e a todos os que contribuíron co seu esforzo a que *Xogaina* exista, queremos adicarlle a presente revista.

Indice:

Editorial	1	Exposicións	32
In Memoriam	3	English Section	34
Actividades Complementarias e extraescolares	4	Le Coin du Français	36
Medioambiente	9	Teatro	38
Mundo Vivo	12	Cine	39
Entre Liñas	14	Música	40
Arte Relixiosa	26	Deportes	41
Mundo Solidario	28	Patio de Recreo	42
Orientación	30	Videoxogos	45
		Os traballos dos nenos	47

**Ahora marchas, lo sé
a infinita distancia,
pero laten tus pasos
en todas esas vagas
sombras de ruido, tenues,
que en la alta noche estrellan
el azul del silencio:
Todas suenan a ecos.
(Pedro Salinas)**


**Pro o eu que vive e anda
resiste e non esquece ren,
despedíndose farto de vida
cando a vida de meu e máila súa acaben.
Pro eu resucitarei que soio volven
Os que recordan, compañeiros.
(Álvaro Cunqueiro)**

Estudiando os tiburóns

Infantil B



Portada e contraportada do noso libro



As nenas de nenos do grupo B de Educación Infantil quixemos saber cousas dos tiburóns e facer un libro que recollera todo o que puideramos aprender para poder despois compartilo coas nosas familias e aumentar a nosa biblioteca da clase.

Necesitabamos buscar información e a Biblioteca do cole prestounos algúns libros moi interesantes. Tamén utilizamos unha enciclopedia no ordenador da clase e buscamos en internet.

Sempre que nos propoñemos estudar algún tema facemos dúas listas: una na que anotamos as cousas que xa sabemos e outra na que poñemos o que queremos ir aprendendo. Esas listan vanse facendo máis e máis grandes porque canto máis sabemos máis cousas queremos aprender.

Despois chega o momento en que temos que organizar toda esa información e non é moi fácil facelo. Nós xa sabemos que non podemos escribir como se fose un conto, poñendo "Érase unha vez.." porque a información que aprendemos é de verdade e non é como as cousas que din os contos que son de mentira.

Entre todos fomos explicando todo o que coñeciamos mentres que Ana escribía no encerado. Tivemos que decidir como poñiamos porque non é igual cando se conta que cando se escribe.

Cando vimos unha foto dos "apéndices copuladores" que teñen os machos dos tiburóns, Alberto e Álex tiñano moi claro e contaban:

Alberto: esa foto é dos apéndices copuladores

Álex: os apéndices copuladores son o pitilín.

Alberto: pero no se dice pitilín de los tiburones, se dice apéndices copuladores.

Álex: cando o dis si que se pode dicir pero cando o escribimos non. Cando escribimos hai que poñer apéndices copuladores.

Aprendemos moitas palabras novas como fusiforme, vivíparo, ovovivíparo, branquias...

Tamén aprendemos moitas cousas novas que os nosos papás e mamás, nin a profe sabían antes.

Despois de que tiñamos escrita a información no encerado, e corrixida varias veces decidimos que había que contar as

onde cada misión ten un efecto directo na línea argumental. Cuns gráficos e animacións sorprendentes, Jak II:O Renegado traslada aos xogadores a través dun mundo místico, grandioso e escuro....

JIMMY NEUTRON JET FUSION

Nesta aventura Jimmy Neutron é un espía estupendo que explorará desertos, mares e bosques nunha expedición para enfrontarse ó malvado profesor Calamitous.

A FUGA DE MONKEY ISLAND

Chega á Playstation 2 unha das máis orixinais e divertidas aventuras de todos os tempos, que presenta uns vistosos gráficos en 3D. Inclúe centos de enigmas por resolver que desafían o noso inxenio. Conduce o famoso Guybrush a desenvolver e concluir esta aventura nunha historia con máis de 60 personaxes. A aventura de piratas máis divertida que vivirás nunca.

A MANSIÓN ENCANTADA

¡Descubre os segredos da mansión encantada! Benvidos á mansión encantada, necios mortais... ¡Zeke Holloway meteuse nun bo liol!. Nesta famosa casa, que rezuma terror e faravos sentir espeluznantes calafríos. Zeke terá que deter os atormentados espíritus e evitar que lle den un susto de morte...

Plataformas en 3D

Entre os modos de xogo, temos o modo Story, que esencialmente é un xogo de rol 3D individual realmente divertido. E é que presenta un toque menos inocente nun desarrollo. Seras o membro dunha banda de adolescentes que comeza sua aventura nunha espectacular prision onde estan atrapados 2 de seus amigos, Umbreon e Espeon. Unha vez que os liberas, rescataras a unha xoven que te proporcionará unha inquietante información sobre un misterioso Pokemon chamado Shadow Pokemon.



Ignacio Larrondo. 1º ESO B

Mercedes:

Lembrámonos das actividades,
tanto de ocio coma de estudio,
tan amenas que facíamos contigo.
Lembrámonos do respecto que nos poñías na aula,
pero fóra dela
lembrámonos da alegría que nos trasmitías.
Lembrámonos do empeño e a paciencia que tiñas
para que aprenderamos.
Lembrámonos de todo o tempo, que foi moito,
que pasamos contigo.
Lembrámonos de ti.



Rita

O *optimismo* que presentabas para mellorar ós teus alumnos.
O *cariño* que lles dabas ós teus alumnos e compañeiros.
A *paciencia* que tiñas para resolver algo se se complicaba.
A *alegría* que transmitías coas túas palabras.
A *felicidade* que demostrabas e que facías que chegara a nós.

Rita, así nos lembramos de ti.



Iria Suárez e Sabela Figueiras. 4º A ESO

Este curso destacamos:

VISITA A SANTIAGO POLOS ALUMNOS DE 4º ESO 24 de novembro de 2003

O Hostal dos Reis Católicos caracterízase por dous estilos: barroco e renacemento. É de moito luxo, nós estivemos nos catro patios que ten. Xardíns moi coidados, moitos elementos antigos moi coidados e restaurados. Estaban en reformas debido ó ano xacobeo; amosáronnos o interior e a cafetería, incluso o lugar onde iban rezar, unha especie de igrexa. A pesar de ter paredes de pedra, ofrecía moita calor debido á calefacción para que os clientes se sintan a gusto. Pasar unha noite no Hostal ten un alto custo.

O Parlamento

Había moita seguridade policial para entrar no local. Tiñan bos asentos para os políticos. Entramos nun salón onde nos ensinaron as bandeiras das antigas provincias galegas. Despois fumos vendo as bibliotecas onde había unha man de libros sobre política. Na sala de plenos, nun lado sentábanse os do PP e noutro os do PSOE e os do BNG; estivemos sentados nas cadeiras a probar os micrófonos e a discutir un pouco.

A catedral.

Primeiramente entramos algúns sós. Despois vimos ó profesor de relixión do noso centro e levounos ó triforio da catedral, á parte dos lugares que visitamos coa profesora de ciencias sociais. Visitamos a tumba do apóstolo Santiago e puidemos observar que a figura do apóstolo non levaba a capa de ouro e prata porque lla quitaron xa que estaba moi deteriorada. Cando subimos á parte

superior da catedral (o triforio) vimos o lugar onde hospedaban ós peregrinos e o órgano. Tamén vimos estatuas e cabezudos que saen ó exterior nas festas do apóstolo.

CONCLUSIÓN

A visita ó Parlamento e ó Hostal dos Reis Católicos foi moi interesante; con respecto a catedral, xa case todos os alumnos a visitamos con anterioridade. Gustounos moito poder sentarnos onde habitualmente están os políticos que vemos pola tele. Tamén nos gustou moito poder visitar o triforio da catedral, xa que é un sitio ó que non pode acceder calquera persoa pero nós puidemos subir gracias ó noso profesor de relixión.

Miguel Outeiral, Esteban Ares, Domingo Lorenzo. 4º A ESO

CHARLA SOBRE RECICLAXE

2 de decembro de 2003

O terceiro ciclo de primaria do colexio lousamiano Cernadas de Castro tivo unha charla sobre a reciclaxe. Dixéronnos que o que máis debemos ter en conta son "os tres erres". O primeiro R significaba *reducir*, que quere dicir intentar ter menos lixo, por exemplo, comprar a froita sen empacar. Tamén, en vez de que cada vez que vaiamos ó super traíamos máis e máis bolsas, podemos levar unha bolsa da casa.

O segundo R, *reutilizar*, que quere dicir volver a utilizar cousas de desperdicio; por exemplo, co fondo dunha botella pódese facer un lapiseiro, ou cunha caixa pequena de galletas pódese facer un xoieiro.

O terceiro R, *reciclar*, quere dicir separar o lixo e respectar un pouco os anteriores erres.

Arancha Camiña 5ºA

Os que máis molan:

NEED FOR SPEED UNDERGROUND

Descubre o mundo das carreiras urbanas dos coches modificados de altas prestacións coa última entrega da exitosa serie Need for Speed: Need for Speed Underground. Sube a un dos coches modificados de maior popularidade hoxe en día, como o Mitsubishi Motors, Subaru, Toyota e algúns outros, e constrúe a última máquina de rúa conseguindo diñeiro para pagar os conxuntos de carrocería personalizados e unha gran cantidade de avanzadas modificacións para os coches licenciados.

LA PUCELLE TACTIS

La Pucelle: Tactics é un conto de traicións, monstros en forma humana e humanos en forma de monstros, situado nunha Europa medieval alternativa. A "heroína" do xogo é unha falabarato e indisciplinada de 16 anos que acaba de pasar os seus exames de exorcismo xunto cos camaradas en La Pucelle, un escadrón cazador de demos.

INSPECTOR GADJET INVASION

O doctor Claw ataca de novo... Agora soña cun mundo gobernado totalmente por robots. Durante anos este científico estivo traballando, xunto ó seu equipo de técnicos ó completo, na programación de robots invencibles e superpotentes, dotados dunha intelixencia artificial altamente desenvolvida. Pero o Inspector Gadget podería facer fracasar seus malvados plans... Penny e Brain atópanse de vacacións, e o doutor Claw decide secuestralos para así desviar a atención do inspector.

JAK & DAXTER

Jak e Dexter exploran uns edificios nunha illa perdida cando Dexter se sumerxe nunha tinalla cun raro brebaxe, o Dark Eco, que o transforma nun roedor parecido a unha donosiña. Para devolver ó seu amigo a súa forma natural, Jak empeza a búsqueda dun sabio para que lle axude. No camiño, descobre os malvados e poderosos Precursors, que planean esparcir Dark Eco mediante un robot. Antes de evitalo, o robot é activado e comeza unha batalla épica que decidirá o futuro da humanidade.

JAK II: O RENEGADO

Jak II: O Renegado, o último lanzamento da serie Jak and Dexter, transporta o xogo de aventuras e acción a uns niveis totalmente novos. Jak II: O Renegado é un xogo de aventuras que conta cunha trama real,

Mensaxes urxentes:

<p>Moreno de ollos azuis de 2ºB de ESO, chámame. (Anónimo)</p>	<p>Para as Teresas e Mingos: moitas felicidades e noraboa, que xa sodes vellos. (4º A de ESO)</p>	<p>Para as clases de 1º de ESO: controládevos un pouco e deixade de berrar. O único que facedes é molestar. (Anónimo)</p>
<p>Os de 3º de ESO sodes uns chul@s. Pensades que ides comer o mundo e nin chegades á vosa casa. Baixade os fumes. (3º ESO)</p>	<p>Para Carlos, o imitador menos cotizado do mundo mundial, moitos saúdos das túas mellores "compis" e deixa de machacar coas túas palabras (KIS)</p>	
<p>Para todos os rapaces do colexio: ¿facemos unha aposta? Non botedes gomina nunha semana. (Isa)</p>		<p>Para Nuria e Platy: seguides así de ben que chegaredes ós dous anos. ¡FELICIDADES! (Janiña e Sury)</p>
<p>Para Lidia e Abel: seguides o exemplo anterior que chegaredes ó ano. ¡FELICIDADES! (4º A ESO)</p>		<p>Iris Muíños, menos jarbo e menos morros. Saca esa mirada asasinada. (Un dos máis grandes)</p>
<p>Os profes de ESO crédesvos superiores, pero con nós nunca poderedes, porque somos os mellores (ESO)</p>	<p>Dunha "ex" para Luis Miguel: estiven saíndo contigo porque quería darlle celos a outro rapaz que era o meu "ex". Non quero volver saber nada de ti.</p>	<p>Os rapaces de 2º de ESO sodes moi pasotas, e iso non pode ser. Poñédevos as pilas e aprendede das vosas compañeiras. (2º de ESO)</p>
<p>Para os nen@s de 6º de Primaria: non descansedes, que para o ano xa sodes maiores e hai que estudar máis. (Anónimo)</p>		
<p>Para moitos nenos deste centro: a cabeza está para algo máis que para darlle ó balón. (Unha profesora)</p>	<p>@S neniñ@s de Infantil sodes uns soles, pero controlade a velocidade ó correr, que non dades ben as curvas. (Nena)</p>	
<p>ENVIARDE AS VOSAS MENSAXES Á REDACCIÓN DE XOGAINA NA BIBLIOTECA DO CENTRO</p>		

FESTIVAL DE NADAL

19 de decembro de 2003

Primeiro pasaron os alumnos e alumnas de primaria a facer a obra de teatro, e despois tivemos as panxoliñas propias das obras navideñas. Por certo, visitáronnos os alumnos de infantil da escola do Sanguinal, que cantaron unha panxoliña moi ben entoada. Logo do festival, procedeuse á entrega das notas con algunha que outra sorpresa... Bo Nadal.

David 1º A ESO

Festival de Nadal
Alumnos de Infantil A



VISITA Á CORUÑA

14 de xaneiro de 2004

O pasado 14 de xaneiro, os cursos 3º e 4º de secundaria fomos de excursión á Coruña: a patinar sobre xeo e a visita-lo porto desta cidade. Saímos do colexio ás 10:00 da mañá e tivemos dúas horas de viaxe ata chegar ó Coliseo da Coruña. Unha vez alí os monitores déronnos os patíns e un par de guantes ós que non os levaran da casa. Entramos na pista de xeo sobre as 12:15 e rematamos

sobre a 13:15. Case todos sabiamos patinar excepto algunha xente que non fora nunca. Os patinadores con mellor técnica, entre outros foron: Marco, Suso, Pablo,...E os mellores en canto a caídas espectaculares...non os imos nomear por respecto.

En xeral, caemos moitas veces e un rapaz tivo que venda-la man. Ademais, apareceron alí os da televisión e entrevistaron a uns cantos sobre a nosa experiencia na pista de xeo.

Cando se nos acabou a hora e xa estabamos un pouco cansados, fomos comer a "Carrefour", o centro comercial que está alí ó lado, desde a 13:30 ata as 15:45. Cada un podía andar con e por onde quixesemos, pero sempre dentro do centro.

Os que non levaban comida da casa podían comer nun restaurante que había alí, iso si, comíase un pouco máis caro. Ó acabar de comer percorrémolo centro comercial fixándonos nas rebaixas. Habíaas de todo tipo: do 10%, do 30% e do 50%. Os produtos que máis se mercaron foron: roupa, calzado, pendentes, colgantes, accesorios de deporte, CD's, ...Cando chegou a hora, fomos para o autobús e partimos cara ó noso segundo destino: o porto da Coruña. Nada máis chegar collemos a unha guía que nos ensinou o máis importante do porto. Fixemos a visita turística dentro do autobús, sen baixar del, e a guía foinos ensinando con detalle cada unha das súas partes: os traballos que se realizaban, o tipo de maquinarias que se usaban e o tipo de traballadores que había en cada parte...

As imaxes que nos chamaron máis a atención foron, entre outras: o desembarco dos cereais e

posteriormente un tractor mediante unha “culler” de gran tamaño, unha fábrica chea de cereais na que continuamente entraban gaivotas e pombas a comer e ás veces non eran capaces de saír, grandes cantidades de granito clasificadas por cores, unha montaña xigante de carbón...

Antes de remata-la visita, Clara, a profesora de sociais, deu nos ós alumnos de 3º unha ficha cunha serie de preguntas relacionadas co porto que tiñamos que facer na clase. Algunhas preguntámosllas á guía.

Cando rematamos a visita deixamos á guía na recepción e marchamos para o colexio. Chegamos sobre as 19:15 e alí agardábanos as nosas familias para levarnos ás nosas respectivas casas.

Lydia Suárez, Mariña Paradela e Vanesa Tubío 3ºB ESO.

VISITA Á PLANTA DE RECICLAXE DE SERVIA

20 de xaneiro de 2004

Os alumnos que cursan ciencias medioambientais e da saúde en 4º de ESO visitaron este martes a planta de tratamento de residuos sólidos urbanos de Servia. Durante o percorrido pola planta observaron o proceso de compostaxe da fracción de residuos orgánicos, mediante un proceso aerobio que se realiza en aproximadamente tres meses. Os alumnos puideron comprobar o resultado do proceso observando o primeiro compost elaborado, pendente unicamente dun posterior tamizado. Destacouse a importancia de separar cuidadosamente os residuos nos domicilios para lograr logo un compost de calidade e facilitar o traballo e seguridade dos traballadores da planta. Os alumnos amosáronse interesados por aspectos como o control dos

lixiviados, a utilidade comercial do compost e os postos de traballo xerados, entre outros.

Mª Jesús Souto.

VISITA A GALICIA DIXITAL E Ó TEATRO

22 de xaneiro de 2004

Sáímos ás 10:00 do colexio, e fomos directos a Santiago. Cando chegamos fomos ver a exposición “Galicia Dixital”; que tiña lugar no mosteiro de San Martín Pinario. Entramos e o primeiro que nos deron foron unhas gafas para ver en 3D e despois fomos a varias salas. A primeira sala chamábase “Destellos”; a segunda sala chamábase “Prazas de Compostela”, visitando de forma virtual as prazas de Compostela ó redor da Catedral; a terceira sala chamábase “Pescando imaxes” mediante as cámaras web da TVG. Puidemos viaxar por Galicia en tempo real. Había tamén conexión por Internet coas principais entidades galegas. A cuarta chamábase SANTI. Eran imaxes topográficas xeradas por ordenador, e por suposto quixemos ver Lousame. Vimos toda a ría de Noia con moito detalle. A quinta chamábase “O peixe falador” e era unha historia en 3D dun peixe que falaba e amosaba a diversidade dos nosos fondos mariños. Na “Viaxe submarina” fixemos unha viaxe virtual nun submarino e vimos os fondos mariños das rías galegas. Na “Vértice” sentabámonos nunhas cadeiras que se movían mentres íamos vendo na pantalla os ceos e os subsolos de Compostela ó redor da Catedral, parecendo que ías nunha montaña rusa de verdade. Na última, “Cidades do Camiño”, vimos imaxes panorámicas de 360º, onde cada un



Dous presos:

- Oíches, ¿ti por que estás na cadea?
- Por algo que non fixen.
- ¿E logo?
- Non borrei as miñas pegadas dixitais



Unha serpe dille a outra:


- Oes ¿ti cres que somos velenosas?
- ¿Por que o dis?
- Porque trabei a lingua e non notei nada.

Na consulta:

- Doutora no último ano rompín o brazo en varios sitios.
- ¿Ah, si?... Pois eu de vostede non volvería ir por alí.

Dúas amigas na perruquería:

- Puri confesoulle ó seu marido todas as súas infidelidades.
- ¡Vaia valor!
- Non, ¡vaia memoria!



Había un can que se chamaba Chiste... Morreu o can e acabouse o chiste.

¿En que se parece un ladrón a unha bailarina?... En que os dous andan de puntillas.

¿En que se parece un panadeiro a unha escopeta?... En que o panadeiro fai pan e a escopeta fai ¡pum!

¿Cal é o colmo dun cazador? ... Tentar cazar a osa maior.
¿E o dunha galiña? ... Comer ovos fritos pola mañá.

¿Que lle di unha herba a outra?... -¡Estamos apañadas!
¿Que lle di o azucre ó leite?... - ¡Vémonos no café!

Un soldado dálle unha noticia ao xeneral.

- ¡Meu xeneral, veñen os indios!
- ¿Son amigos? - pregunta o xeneral.
- Deben selo porque veñen moi xuntos.



Enquisa

Fixemos unha enquisa entre os compañeiros de primaria, imosvos conta-los resultados.

O cantante que máis lles gusta ós rapaces e rapazas do colexio Cernadas de Castro é Eurojunior e David Bisbal, con dous puntos cada un. E tamén lle segue con un punto Chenoa.

Os comics que máis éxito teñen na nosa escola son os de Golfiño, que tratan as aventuras dun golfiño, é ten tres puntos; séguelle con dous puntos Witch, que trata dunhas bruxas que teñen comics e varias personaxes.

A serie de televisión preferida do noso colexio é Ana y los siete con tres puntos, que trata dunha niñera que se namora do señor e despois do

irmán do señor. É séguelle con dous puntos, Niki, que trata dunha rapaza que ten un marido e outros personaxes e ocorren aventuras.

Os debuxos que máis gustan son os de Shin-Chan, que tratan dun neno moi rebelde que sempre anda a meterse en lios con súa nai.

Nunha visita que fixemos ó **CGAC** de Santiago de Compostela, o cadro que máis lles gustou ós rapaces que foron ó Museo de Arte Contemporánea é o das catedrais e o que estaba feito con chocolate.

Os nenos e nenas do noso colexio ven a televisión cinco horas ó día aproximadamente.

E unha das cousas que máis nos divirten é debuxar, porque nos distrae moito.

CHISTES

- Mamá, mamá, ¿Os limóns teñen plumas?
- ¡Non fillo!
- Pois me parece que exprimín o canario

- Papá, papá, ¿O frigorífico anda?
- ¡Si, claro!
- Pois corre axiña, que se che escapa.

- Papá, papá, ¿Ti lle pegaríaslle a un neno se non fixo nada?
- Non.
- ¡Buf, menos mal, pois xa sabes que non fixen os deberes!



puido observar en movemento lugares e cidades emblemáticas dos distintos camiños de Santiago.. Cando era hora de marchar, tivemos que esperar polo autobús e despois fomos comer a Área Central; alí ó acabar de comer puidemos comprar algo.

Despois fomos ó colexio La Salle a ver a obra de teatro “La extraña historia del doctor Jeckyll y el Señor Hyde”. A obra estivo moi ben; era de moitos anos atrás e o vestiario tamén. O acabar ó teatro os actores permitíronnos facerlles preguntas. Despois collemos o autobús e voltamos para A Silva. Alicia e Noemia 1º ESO A.

VIAXE Á NEVE (ANDORRA)

31 de xaneiro de 2004

Saímos o sábado 31 de xaneiro e o noso calendario de actividades foi o que segue: Pola mañá asistimos de 10 a 12 horas a un curso de iniciación ó esquí con monitores da Escola Nacional de Andorra, na Estación Invernal de PAL ARINSAL, na localidade andorrana de LA MASSANA,, Estivemos nas pistas de esquí ata as 17 horas, practicando dito deporte. O mércores de 18 á 19:30, fomos practicar patinaxe sobre Xeo no “Palau del Gel”, na localidade andorrana de Canillo.

O xoves, de 17:30 a 20:30, visitamos o complexo termolúdico de CALDEA (augas termais, , hidromasaxes, jacuzzis, saunas, baños romanos,...) Compartimos autobús e hotel cos alumnos/as e profesores do IES de Oroso (Sigüeiro), establecendo unha relación moi cordial e amistosa durante toda a excursión ¡¡Buen rollito!! Alberto Albán.



Os alumnos de 4º de ESO na súa viaxe a Andorra

OS RIOS DA CORUÑA

13 de febrero de 2004

Fomos ver unha exposición do que eran os ríos da Coruña. Un home ensinounos todos. Explicounos o que perxudicaban os enconos, centrais hidroeléctricas, etc... Ó saír da sala ensinounos unha exposición do que lles pasaba ás casas que estaban ó lado dos ríos. Logo vimos outra de todo o que é Lousame. E iso non foi todo, Mediante carteis pudo explicarnos moitas cousas máis. Angel González 5º A

EXPOSICIÓN FOTOGRAFÍA SOBRE O MAR

17 de febrero de 2004

Os alumnos de 4º de ESO asistimos a unha exposición de fotografías de animais mariños na Casa da Cultura, Portobravo. A claridade e pureza das augas mariñas, que Ventureira escolleu como escenario das súas fotos, deixa ver perfectamente os organismos invertebrados, protagonistas delas. Unha gran cantidade de invertebrados eran descoñecidos para nós e outros, inda que coñecidos, mostrábanse en

actitudes si descoñecidas. Un exemplo desto é o linguado, que todos coñecemos, que se atopaba camuflado na area. Unha compañeira parouse a mirar dita foto e despois duns segundos preguntou que dónde estaba o linguado, todos nos rimos dela. En xeral foi unha visita curiosa pero un pouco corta xa que casi non nos deu tempo a vela con tranquilidade e paciencia, tivemos que andar ás présas.

Lidia Places Carollo 4º ESO A

VISITA Ó MACUF

19 de febreiro do 2003

O 19 de febreiro do 2004 fixemos unha visita o Museo de Arte Contemporáneo Unión FENOSA. Cando cheegamos alí tivemos que esperar polo monitor; cando chegou dixonos que o seguísamos. O primeiro cadro era moi orixinal por que tiña moitas cores. O segundo era un debuxo dunha cociña cunha mesa, unhas sillas o redor e o resto da cociña. O terceiro tiña reflectido un barco cunhas pintas brancas e como alonxado de el unha mancha de chapapote. O cuarto eran dous televisores que tiñan reflectidos uns ollos, que ol monitor dixo que eran o movemento dos ollos cando imos no coche. Por último entramos nunha sala cuns focos que acendían e apagaban, e nesa sala había unha pantalla máis pequena que no cine onde se vían os pies do autor andando polo bosque . Y despois nos deixaron ve-lo museo pola nosa conta.

Noemia e Alicia 1º ESO A.

O ENTROIDO

20 de febreiro do 2004

O festival comezou as 10:30. Tódolos alumnos sentaron no centro do ximnasio para que as clases desfilasen arredor deles. Houbo un pouco de todo: paiasos, circo, piratas, ... Ó final os profesores disfrazados de indios e vaqueiros enzarzáronse nunha loita brutal na que gañaron...os indios.

Despois comezaron os partidos entre alumnos/as e profesores/as des secundaria... Gañaron os alumnos 7-4 (o resultado aínda está a ser discutido...polos profesores).

Tralo exercicio pasamos polo comedor para recoller orellas e filloas propias do antroido, e o rematar a xornada cada quen marchou á súa casa a continuar a troula.

David Fernández 1º A ESO

O Entroido
Alumnos de Infantil



CARREIRA PEDESTRE

Uns oitenta alumnos de primaria e secundaria do noso centro participaron na carreira pedestre que se celebrou en dúas etapas: unha o 7 e outra o 27 de novembro.

Nela participaron varios colexios da zona. Realizouse na vila de Esteiro. Tivo tramos de recorrido por monte e praia. O terreo estaba en moi mal estado: enlamado e moi esvaradizo. Houbo un gran número de caídas. Hai que dicir que, aínda que se celebraron en sitios distintos, nos dous casos o terreo estaba en pésimas condicións.

David Fernández 1º A ESO

OS ALUMNOS DE LOUSAME PRACTICAN....REMO

Abel Abeijón, 1º A de Eso, pertence ó clube do Mar de Noia onde practica remo. El cóntanos o seguinte: "Adestramos os mércores, venres, sábado e domingo. O clube de remo está en Testal; podemos ir ata San Lázaro (Noia) ou ata a Central do Tambre, que son 30 km.


As modalidades que eu practico son dobre School, Skift e patrón de Batel.

O Skift é un barco sen timón, de banco móbil, e que chega a ser máis estreito que unha cadeira.

O dobre School é un barco como o Skift, só que para dous.

O Batel é un barco con catro remeiros e un timonel (patrón). O batel é de banco fixo. O traballo do timonel ou patrón é guía-la embarcación; leva un remo curto, e en caso de que rompa lévase un de reposto.

- Se ti practicas algún deporte e queres contárnolo, entrega o teu traballo para a revista XOGAINA na biblioteca do colexio.



Arriba á esquerda: **Batel**.
Dereita: **Skif**
Abaixo: **Dobre School**



Fotografías cedidas por
Benito Horta Ameneiro,
entrenador de remo do
Clube do Mar de Noia.

Música Actual

A música é un dos pasatempos peferidos da xente de todas as idades. hai varias clases: pop, rock, dance... Os grupos e cantantes solistas máis destacados no noso país nos últimos meses son, entre outros:

- Fran Perea, co seu primeiro disco "La chica de la habitación de al lado", que saíu da famosa serie "Los Serrano" e está tendo moito éxito entre a xuventude.



- David Bisbal, que saíu do programa "Operación Triunfo", está tendo o mesmo éxito co seu segundo disco "Bulería" que co anterior.

- Álex Ubago, co seu segundo álbum "Fantasía o Realidad", que espera ter o mesmo éxito que co primeiro.

- Merche, que xa está triunfando máis co seu último traballo "Auténtica" que o primeiro.



- El Canto de Loco, que ten o mesmo ou máis éxito co disco "Estados de Ánimo" entre a xuventude española que os demais.

- La Oreja de Van Gogh, un dos grupos mais destacados no noso país que segue gustando co seu último disco "Lo que te conte mientras te hacías la dormida".

- Estopa, o grupo formado por dous irmáns que acaban de sacar ó mercado o seu disco "¿La calle es tuya?" e co que, a pesar da súa tardanza, teñen bastante éxito nas listas de vendas.

- Andy & Lucas, un dos grupos revelación do verán pasado que, para ser o seu primeiro disco, está moi completo e variado.



- Las Niñas, que comezaron tendo moitos fans gracias ó seu single "Ojú" o pasado verán e os que seguen conservando despois duns meses.

- Iguana Tango, un grupo moi coñecido desde hai uns meses gracias a un programa televisivo do que saíron co seu primeiro álbum "Te perdí".

Son, á parte de moitos outros, dos máis destacados nas listas de vendas españolas, de entre a xuventude...

En canto á música internacional destacan os cantantes solistas e grupos, entre outros, Anastacia, Outkast, Nek, Alanis Morissette, Black Eyed Peas, The Rasmus, Britney Spears, Justin Timberlake, Christina Aguilera, Kate Ryan, Hillary Duff, O-Zone, Gareth Gates, Avril Lavigne, Beyoncé, Sean Paul, Jamelia.

Os amantes da música podeades escoitar a radio e enterarvos das novidades musicais polas páxinas www.los40.com e www.todomusica.com.

Lydia Suárez e Mariña Paradelá. 3º ESO B

Enerxías Alternativas

VISITA Ó PARQUE EÓLICO DO MONTE TREMOZO (SERRA DE OUTES)

23 de abril do 2004

Chegamos ó parque e atendeunos un dos encargados, o cal nos ensinou un aerogenerador. Despois de estar dentro do aerogenerador, levounos onde teñen a sala de control dentro da subestación. Unha vez alí explicounos a cantidade de enerxía que producía cada muíño e tamén como eles controlaban o funcionamento dos aerogeneradores. Comentounos canto costaba un muíño, aproximadamente uns 200 millóns, e os plans de futuro que tiñan para aumentar o parque; tiñan uns muíños de 55 metros de altura e 24 de aspa, e agora ían traer uns de 64 metros de altura e 40 de aspa. Domingo Lorenzo 4º A ESO.

Parque eólico do monte Tremozo.
Foto: Carmen Pérez Gómez.
4º A ESO.



VANTAXES E INCONVENIENTES DA ENERXÍA ELÉCTRICA.

As vantaxes desta enerxía son numerosas: non contamina quimicamente; é unha enerxía renovable; é autóctona, xa que non dependemos do estranxeiro; cada vez é máis barata e máis competitiva, non depende da compra de ningún combustible; esta nova enerxía crea novos postos de traballo.

A pesar de que esta enerxía é limpa tamén presenta certos inconvenientes como: fai fea a paisaxe, ocupan gran cantidade de terreo, contaminación acústica e visual, necesita liñas de alta tensión, ten certo impacto ambiental, mata paxaros, depende da forza do vento, modifica o camiño de aves migratorias.

Teresa Fernández 4º A ESO.

A análise

A CENTRAL TÉRMICA

A central térmica é o maior produtor de electricidade en España, pero tamén o principal causante das choivas ácidas, do efecto invernadoiro e moitos máis problemas. Aínda así en España hai unhas 173 centrais térmicas en funcionamento. Para a produción de enerxía nestas centrais, utilízase o lignito, que é un carbón obtido en explotacións a ceo aberto de xacementos multicapas. Para estas extraccións empréganse excavadoras de rodete, apiladoras, cinta transportadora..., xa que é un sistema de explotación selectivo. En Galicia, a central térmica máis importante é a das Pontes, aínda que tamén están as de Meirama e Sabón.

Na central das Pontes, extráense ó ano case 9.000.000 toneladas de carbón, que son utilizadas pola central. Esta produce electricidade a partir da súa combustión. O proceso é moi sinxelo: coa calor desprendida

da combustión, obtense vapor de auga. Este vapor move unha turbina unida a un xerador, isto fai xirar un imán que produce enerxía eléctrica.

Os gases emitidos nas centrais térmicas teñen efectos sobre as persoas (irritación de mucosas, enfermidades...) sobre as prantas (menor crecemento, quemaduras nas follas...); e sobre os materiais (o dióxido de xofre deteriora os metais, plásticos, pinturas...).

Hai unha serie de alternativas que axudan a reducir o SO₂, como utilizar outras fontes de enerxía, as cales poden ser: solar, eólica, das mareas, xeotérmica.... Outra alternativa é buscar unha máxima eficacia dos aparellos eléctricos utilizados, así como o aforro enerxético (educación e concienciación. Tamén axudaría o emprego, na central térmica, dun mineral menos rico en xofre, sen ser o lignito pardo.

Nuria Fabeiro 4ºB ESO



SINOPSE: Doce en casa

Nos Estados Unidos de hoxe en día, onde as familias teñen unha media de 1.87 fillos, Tom Baker (Steve Martin) e a súa muller Kate (Bonnie Hunt) decidiron que a vida é mellor, se non máis barata, por docenas. Os Baker viven nun pequeno pobo. O día a día na vida da familia está marcado a partes iguais polo amor e o caos, o tipo de caos que produce unha ra de mascota aterrizando no medio dos ovos revoltos do almorzo.

Para a nosa opinión faise bastante amena é divertida. Gustounos porque ten outra expectativa de como ver as cousas sendo un familia tan numerosa formada por doce fillos. Recomendámola se queredes pasar un bo rato cos vossos amigos ou familiares.



SINOPSE: Pegado a ti

Estar unidos para o bo e para o malo. Ésa é a máxima dos irmáns Bob (Matt Damon) e Walt Tenor (Grez Kinnear). Eles son dous irmáns siameses que viven na poboación costeira de Martha's Vineyard, situada no noroeste dos EE.UU. Ámbolos dous rexentan un restaurante de comida rápida no que as súas catro mans traballan a velocidade de vértigo na parrilla. Pero un deles, Walt, ten un soño: ser actor. De feito cada ano interpreta un monólogo no teatro municipal, pero sabe que o seu destino é ir a Hollywood, porque alí é onde debe triunfar. Antes debe convencer a Bob, e recorre ó pacto que fixeron sendo nenos, segundo o cal nunca se reprimirían dos desexos que tiveran. Aínda que é algo remiso, Bob acepta, posto que nos Angeles vive unha muller coa que mantén contacto a través de Internet, e tal vez sexa a oportunidade de coñecerse. Unha vez chegan ós Ángeles, instálanse un motel onde coñecen a April (Eva Mendes), unha aspirante a actriz que lles recomenda poñerse en mans dun axente, xa que sin el non será nada. Así coñecen ó veterano Morty O'Reilly (Seymour Cassel), aínda que o primeiro papel que lle consegue é para unha película non autorizada. Pero a súa sorte vai cambiar, xa que por casualidade coñecen á actriz e cantante Cher. Ésta será a protagonista dunha serie televisiva, e aínda que non quere o papel, deberá facelo baixo recibir unha importante sanción económica que non se pode permitir. Por iso contrata a Walt, sabendo que esa é a maneira de sabotear a serie e que a suspendan. Pero o tiro sáelle pola culata, xa que a presenza de Walt fai que a serie estea no máis alto dos índices de audiencia. Así os irmáns convértense en dúas celebridades, aínda que hai cousas máis importantes na vida...

TEATRO:

O curso pasado constituímos un grupo de teatro chamado “Os Aquelados”, cunha obra de título “Cassandra, a meiga galega”, a cal presentamos para o concurso “Entre nós en galego” convocado pola Xunta de Galicia. Participaron os seguintes alumnos:

Sara Agraso 2º A
Silvia Cao 2º A
Tamara Hermo 2º B
Beatriz Suárez 2º B
Fátima Martínez 2º B
Sergio González 2º B
Rubén Pan 2º B
José Ramón Moledo 2º B
Francisco José del Río 2º A
Carlos Rial 2º A

Quedamos no posto 11 da fase provincial e concedéronnos un accésit de 325€. Cremos que foi unha boa posición debido a que participaban 196 centros.

A obra era unha parodia que narraba a historia da credulidade da xente que asistía ó consultorio da meiga Cassandra, e como ela acaba caendo nunha trampa que lle facía a súa asistente, onde admitía todas as súas estafas.

Con isto queremos da-las gracias a Isabel Nieto pola súa colaboración e o seu apoio.

Este ano continuamos neste oficio tan duro de actores e actrices facendo outra obra titulada “Búsqume unha estrela... ¡por favor!”, na que exercen como actores:

Esther Agrafojo 2º A
Beatriz Suárez 2º B
Tamara Hermo 2º B

Bibiana González 2º A
Silvia Cao 2º A
Isabel Abeijón 2º A
Leticia Iglesias 2º A
Sara Agraso 2º A
Jorge Sieira 2º B


Seguimos co labor de pretender facer rir, polo que o contido tamén é unha comedia.

A acción transcorre nunha oficina dunha representante artística que busca un nova estrela para unha película; por este peculiar “casting” pasan unha serie de personaxes que son entrevistados pero ningún deles é o elixido. O final gardámolo por se algún día a vedes.

Sara Agraso, Tamara Hermo e Beatriz Suárez. 2º ESO

Alumnos do grupo de teatro representando “Cassandra, ameiga galega”



O dióxido de carbono é o principal gas que aumenta o efecto invernadoiro e prodúcese principalmente na combustión de carbón e petróleo. Existe un protocolo feito en 1997 na terceira convención de Nacións Unidas para o cambio climático. É un acordo dos países industrializados no que se comprometen a reducir as emisións de gases con efecto invernadoiro nun 5.%.


A PLANTA DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

Actualmente en Lousame comezou a funcionar unha planta de tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU), co obxectivo de aproveitar parte do lixo que se produce nos concellos de Muros, Brión, Lousame, A Pobra, Porto do Son e Rianxo.

A esta planta chega tanto a materia orgánica como a inerte, pero en ningún momento se mesturan e polo tanto, sofren procesos diferentes.

Os residuos inertes son levados a unha máquina rompébolsas, da que saen mediante unha cinta transportadora. A ambos lados desta sitúanse unha serie de operarias, baixo as medidas de seguridade e sanidade establecidas, que se encargan de separalos distintos tipos de compoñentes que forman esta materia. Unha vez clasificados

A xente ten que darse conta de que o excesivo emprego das centrais térmicas supón poñer en perigo a súa saúde, así como a destrución do mundo no que vivimos.

Carmen Pérez Gómez. 4º ESO A

son conducidos a unha empacadora, a cal se encarga de compactalos e así que remata, estes son recollidos e levados á planta de Santiago, na que serán reciclados.

A materia orgánica emprégase para facer compost, un abono orgánico. Esta pasa por unha serie de filtrados e logo é levada a unhas cámaras, nas cales permanece durante uns días, mesturándose con aire e auga.

Despois é depositada formando montículos durante un período de tres meses, no cal acaba de fermentar. Unha vez rematado este proceso pasa por unha peneira que se encarga de separar as partículas de menor tamaño, que serán embolsadas e distribuídas.

Gracias a este tipo de tratamentos podemos aforrar materia prima, coa que se elaboran os produtos e enerxía, evitando ademais o aumento de lixo.

María Teresa Ponte 4º ESO A

A FRAGA DO EUME

Agustín Fernández Paz sitúa algunha das súas historias na fraga do Eume. Aí van algúns datos sobre ela.

Na provincia da Coruña e abarcando os concellos de Cabanas, Monfero, Pontedeume, A Capela e Pontes de García Rodríguez atópase o parque natural "As Fragas do Eume".

Con máis de 9.000 hectáreas e bañado polo río Eume, este parque natural é un dos bosques máis importantes de Europa.

O embalse do Eume provoca un contraste impresionante na paisaxe do cauce superior e inferior do río.

Dende o mosteiro de Caaveiro (actualmente en restauración) pódese contemplar unha das mellores vistas da fraga.

O río Eume é un lugar de recreo para

pescadores, bañistas ou amantes do sendeirismo.

Bibliografía: www.galice.net.

SE QUEREDES LER MÁIS LIBROS INTERESANTES...

Título: **No Corazón da fraga.**

Autor: **Francisco Fernández Naval.**

Ilustrador: **Suso Cubeiro.**

Editorial: **Everest.**

Resumo: Na fraga habitan moitos seres; algúns reais coma os animais e outros imaxinarios máis curiosos, coma os trasnos ou os espíritos do bosque. Se os queredes coñecer, mirade este libro e aprenderedes moito sobre eles.

Alba Souto 4º B Prim.

CAROLINA RECOMENDA

Título: Viaxeiras da auga.

Autor: Estanislao Fernández de la Cigoña.


Colección: Montes e Fontes.

Editorial: Xerais.

É unha obra que fala das aves mariñas e acuáticas de Galicia e norte de Portugal. Contén debuxos e fotografías das aves e, ademais dun mapa da zona, tedes moitas referencias bibliográficas e uns índices cos nomes científicos, galegos, castelans e portugueses.

Elixín este libro porque me gusta mirar as aves, cómo voan e de qué cores son, se son gaivotas, cigoñas, etc...

Carolina Castro 4º A Prim.

**ACROSTICHES:**

**Je suis Galicien,
très Originel.
N'oubliez pas mon prénom.
Zut! Pas riche!
Mais bien Amoureux,
tous les jours Laboureur,
Surtout pas Ordinaire!**

**Katia, c'est moi
À tes yeux la meilleure,
Tu feras mon bonheur
Incroyable trésor
Amant de mon coeur**

Je suis:

Renfermée comme la couleur verte.
Aimable envers mes parents.
Quérelleuse quand il le faut.
Une fille sans égal, certes!
Et rusée comme un renard.
Loyale aux amis, je reste!

**CARLA BRUNI**

Carla Bruni est née le 23 décembre 1968 à Turin en Italie. Elle débarque à Paris à l'âge de cinq ans. A dix-neuf ans, elle arrête ses études d'art et d'architecture pour devenir modèle. Elle fait son début dans le monde du mannequinat en 1995, et défilant notamment pour Christian Dior, Paco Rabanne... La même année, elle joue son premier rôle au cinéma dans Catwalk, de Richard Leacock. Elle met à sa carrière de mannequin en 1997, et joue la même année dans Paparazzi de Alain Berberian. C'est final 2002 que Carla Bruni se révèle en tant que chanteuse, publiant "Quelqu'un m'a dit" un album applaudi par la critique. Sara Agraso 2º A ESO

**LA FRANCE...
C'EST QUOI POUR TOI?**

LA BAGUETTE (Ruben Pan)

LE CHOCOLAT (J.L. Sabugueiro)

LE CHAMPAGNE (Juan Tubro)

PARIS, VILLE DE L'AMOUR (Beatriz Suarez)

LE COGNAC (Jose Rodriguez)

LE PÂTÉ (Luis Vazquez)

NAPOLÉON (Pablo Tubro)

LE PARFUM (Angele Meira)

LE TOUR DE FRANCE (Adrián Vázquez)

LA MOUSSE AU CHOCOLAT (Tamara Herme)

AXTÉRIX ET OBELIX (Adrián Roo)

LA FONDUE (Gristine Silva)

LE FOOT FRANÇAIS (J. Ramón Toledo)

LA TOUR EIFFEL (Sergio González)

LE MOULIN ROUGE (Fatime Martinez)

LE LOUVRE (Martín Vázquez)

UN ENDROIT TRÈS ROMANTIQUE (Eue Uñas)

2º ESO B



**A MASCOTA DE...
Carmen Rascado, profesora de 3º de primaria**

- | | |
|---|--|
| 1-¿Cal e a túa mascota?
Un can. | 13-¿Ladra moito?
Moi pouco. |
| 2-¿Como se chama o teu can?
Leo. | 14-¿Morde?
Non, é unha raza dócil e sumisa. |
| 3-¿Cantos anos ten?
Un ano. | 15-¿Está vacinado?
Si. |
| 4-¿Que raza é?
Un golden retriever. | 16-¿É grande ou pequeno?
Grande. |
| 5-¿De que cor é?
Branco marfil. | 17-¿Como é?
Un can de raza grande, con pelo e rabo longo, moi bonito. |
| 6-¿E can ou cadela?
Can. | 18-¿Que cousas sabe facer?
Gústalle moito nadar, xogar coas pedras e cos paus. |
| 7-¿Ten fillos?
Non. | 19-¿Fixo algunha vez algunha trapallada?
Romperme as zapatillas e comerme as medias. Tamén rompernos o mando da TV. |
| 8-¿Como se leva cos outros animais?
É un can moi sociable. | 20-¿Tes máis mascotas?
Non. |
| 9-¿Que come?
Pienso e algunha lambetada. | |
| 10-¿Come moito?
Come ben. A nosa comida gústalle máis. | |
| 11-¿Cantas veces ó día?
Unha vez. | |
| 12-¿Onde o ten, na casa ou fóra?
Na casa. | |

Cristina González, Anais Lojo e Verónica Agrelo. 4º A Prim.

A entrevista

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

1. *¿Como e cando decidiu que quería ser escritor?*

Non houbo un momento concreto. A min sempre me gustou escribir (como creo que nos pasa a todas as persoas que nos encanta ler), pero tardei en decidirme a dar o paso de escribir pensando en publicar.

2. *¿Ponlle tantas ganas e entusiasmo como nos comezos da súa carreira?*

Eu penso que aínda lle poño máis, pois agora son moi consciente dos meus defectos e da necesidade de facelo o mellor que poida. O que lle dedico son menos enerxías, porque vou maior e o corpo xa non soporta tanto esforzo.

3. *¿Que é para vostede ser escritor?*

Aquí podería escribir e non parar, pois as respostas son múltiples. Pero, por poñer unha, diría que escritor é quen usa a palabra para tentar transmitir a súa visión do mundo.

4. *¿Como se define como escritor? ¿E como persoa?*

Como escritor, trato de facelo sempre o mellor que poida. Creo que é necesaria a autoesixencia plena. Outra cousa é se os resultados non están á altura do intento, pero iso é o que nos axuda a seguir escribindo e mellorando.

Como persoa, tento traballar por un mundo máis xusto e máis solidario có que temos hoxe. Creo que o modelo de persoa que se nos propón desde o poder (comunista, individualista, acrítico) é o contrario do meu ideal de vida.

5. *¿En que se inspira para escribir, de onde sae a inspiración para as súas obras?*

A inspiración pode saír de calquera sitio, de calquera situación da vida cotiá (o que ves, o que oes, o que les...) Historias para contar hainas a milleiros, iso é moi fácil. O difícil, para min, non é inventalas senón escribilas ben.

6. *¿Canto tarda en preparar un libro?*

Depende. Unha novela leva ao redor dun ano. Os libros máis breves, bastante menos tempo.

7. *¿Conta con axuda para escribir, idear, artellar as obras?*

Axuda, ninguna. ¡xa me gustaría tela! Pero todo, desde o primeiro borrador ata o resultado final, é obra miña.

8. *¿Cando empeza a escribir un libro, ¿xa o ten totalmente artellado ou vai improvisando?*

Hai que telo razoablemente artellado, sobre todo se é unha novela longa. Pero nunca tan pechado que cerres o paso a novas ideas que poidan xurdir.

9. *¿Que sente ó rematar de escribir unha obra?*

Satisfacción, pois é culminar un traballo que me tivo ocupado varios meses. E tamén unha certa sensación de baleiro.

POINTS TO PONDER (JUST TO THINK ABOUT)

- If people from Poland are called Poles, why aren't people from Holland called Holes?

- **Why is a person who plays the piano called a pianist but a person who drives a race car not called a racist?**

- Why isn't the number 11 pronounced onety one?

- **No one ever says, "It's only a game" when their team is winning.**

- If a store is open 24 hours a day, 365 days a year, why are there locks on the doors?

- **Why are there life jackets under plane seats instead of parachutes?**

WRITING A MINI SAGA

What is a Mini Saga?

A mini saga is a piece of writing which has exactly fifty words, not including the title, which can have up to fifteen words. A mini saga has to tell a story and have a beginning, middle and end. It cannot just be a description of something.

The first mini sagas appeared in 1982 in the Saturday Telegraph, an English newspaper. The Sunday Telegraph announced the idea of the mini saga and organized a competition for the best ones.

This is an example of a mini saga:

WAITING FOR FATE

The girl said she was going to come back.

The boy promised to wait.

He sat on the dock and waited.

One day while he was waiting he noticed another girl sitting and looking out to the sea.

Are you waiting too?" he asked.

"Not anymore," she said.

They both smile



Hello, this is the English section of the magazine.

You aren't in the classroom, so have fun and enjoy

RIDDLES ARE GOOD ACTIVITIES TO STIMULATE YOUR BRAIN

What falls but never breaks?

What breaks but never falls?

Is it easy or difficult? Come on, use your brains. Just because it's the first riddle I'm going to give you a clue, think about the moon and about the sun.

If a farmer met a farmer in a farmer's field, how many F's are in that?

What is black when you buy it, red when you use it, and grey when you throw it away

If you were running a race, and you passed the person in 2nd place, what place would you be in now?

How can you make the following equation true by drawing only one line:
5+5+5=550


A woman shoots her husband.

Then she holds him under water for over 5 minutes.

Finally, she hangs him.

But 5 minutes later they both go out together and enjoy a wonderful dinner together.

How is this possible?



Solution: 1. Line on boy's pocket missing. 2. Strap on sandal missing. 3. Hair at back of ball cap missing. 4. Elbow patch missing. 5. Back of seat by girl's arm missing. 6. Hub cap missing. 7. Collar on girl's top colored in. 8. Boom box handle colored in. 9. Patch on pants moved up. 10. Light on bus moved down. 11. Musical note moved to right. 12. Back of skateboard is longer.

10. ¿Cal foi o libro co que máis desfrutou na súa elaboración?
Pois, quizais, *Contos por palabras*. E tamén *Cartas de inverno*.

11. ¿Cal foi o máis laborioso, difícil de escribir?
Sen dúbida, *O centro do labirinto*.

12. ¿Hai algún libro baseado en feitos, accións, personaxes reais...?
Todos os libros se fan con fios de realidade, aínda que sexan de ciencia-ficción. Nalgúns, esa realidade faise máis presente, nos feitos máis que nos personaxes: *Noite de voraces sombras*, *As flores radiactivas*, *A praia da esperanza*...

13. ¿Que pretende que sinta o lector ó ler as súas obras?
Quero, antes de nada, que os lectores se sintan "atrapados" pola historia que conto, que non poidan deixar o libro ata a páxina derradeira. Pero, máis alá diso, sei que cada lector fai unha lectura concreta, en función de como é cada persoa.

14. ¿Ten algún proxecto de obra en mente?
Os que escribimos sempre temos proxectos de obras en mente. Outra cousa é que acaben converténdose en libros ou non. O que teño agora, máis que en mente, é un libro a piques de saír. Chamarase *Tres pasos polo misterio*.

15. ¿A que dedica o tempo en que non escribe (traballo, ocio)?
Ao mesmo que calquera outra persoa. Teño as miñas horas de traballo nun instituto. E logo teño traballos e afeccións comúns, desde cocinar ata ir ao cine ou pasear.

16. Como lector ¿poesía ou narrativa?
Gústame ler de todo, aínda que, en cantidade, leo máis narrativa.

17. ¿Que obras influíron en vostede?
¡Moitas!, non sería quen de poñer aquí todos os meus autores favoritos. Pero velaí van algúns: Franz Kafka, Méndez Ferrín, José Ángel Valente, Paul Auster, Robert L. Stevenson, H.P. Lovecraft.

18. ¿En que idiomas le?
Ler ben, como para poder ler unha novela sen ningún problema, en galego ou portugués e en castelán.

19. De tódolos premios que recibiu ¿cal/es lle fixo máis ilusión?
Quizais os primeiros: o Merlín (*As flores radiactivas*) e o Lazarillo (*Contos por palabras*). Aínda que, nisto dos premios, todos foron moi ben recibidos.



O día 4 de marzo o escritor Agustín Fernández Paz visitou o CPI Cernadas de Castro para impartirles ós alumnos unhas charlas Nestas fotos vémolos dialogando cos rapaces, e ademais, fíxolles entrega ós mesmos dos premios de narrativa e poesía Cernadas de Castro.



O día 3 de febreiro os nenos de terceiro e cuarto de primaria fixemos unha visita ó Museo de Arte Contemporánea, en Santiago.

Ó chegar ó museo dividímonos en dous grupos. Os de terceiro foron ver as exposicións, mentres que nós, os de cuarto, fomos para o taller.

Era moi espacioso e bonito. Do teito había colgados uns animais feitos con material de reciclaxe. Nós íamos facer unha montaxe con fotografías. Unha guía, chamada Teresa, fínoos explicando o que había que facer.

Cando chegaron os rapaces de terceiro, nós fomos ver a exposición de Vik Muniz.

Había moitos cadros. Estaban feitos con chocolate, xoguetes, papeis, azucre e fíos.

A min o que máis me chamou a atención foron os cadros das catedrais, feitos con chocolate. Gustaríame volver.

Teresa Pérez Lousame. 4º B Primaria.




A Gioconda vista por Vik Muniz

O taller era grande e espacioso e estaba decorado con outras manualidades. Fixemos unha montaxe con fotos seguindo os seguintes paos:

- 1- Dobrar a cartolina en dúas.
- 2- Poñe-lo noso nome o o do compañeiro en cada cadro.
- 3- Sacarlle unha foto ó teu compañeiro e viceversa.
- 4- Quedar cada un coa súa foto e cortala pola metade.
- 5- Darlle a metade a outro e pegar un trozo da foto onde está o noso nome.
- 6- Intercambia-la cartolina e pegar a outra parte da foto onde pon o noso nome.
- 7- Decora-la cartolina con cousas que lle gusten ó noso compañeiro.

Eu volvería outra vez porque era moi divertido, pero gustaríame ver tódalas salas.

Alba Souto 4º B Primaria.



Vik Muniz visto por Teresa P. Lousame

Fundación Eugenio Granell
EXPOSICIÓNS ACTUAIS

1ª PLANTA:

Fondos da Fundación Eugenio Granell

-Granell: Autorretratos-Retratos Surrealistas

-Granell e o teatro.

Ata xuño

2ª PLANTA:

Exposición: "Imaxes da memoria" do 28 de xuño ó 2 de decembro.

A exposición "Imaxes da memoria" recrea a biografía de Eugenio F. Granell, poñendo o acento na relación deste con Galicia.

A mostra divídese en tres partes, que se corresponden con tres etapas da vida do artista:

-A primeira (1912-1928) coincide cos anos da infancia e da adolescencia, transcorridos entre A Coruña e Santiago de Compostela.

Imaxes fotográficas e vellas películas reconstrúen a época de preguerra.

-A segunda (1930-1985) é o exilio coa evocación a través das obras literarias e plásticas que, dalgún xeito, teñen vinculación con Galicia.

Obras realizadas no exilio, cartas de Dieste e fragmentos da novela que sucede configuran esta sala.

Paula Moledo e Vanesa Tubío, 1º A ESO.



Pazo de Bendaña
Sede do Museo Granell

Eugenio Granell



20. *¿Custoulle moito chegar a onde está?*

¿E onde estou? Se vos referides a que se tiveren que traballar moito para facer tantas obras como escribín, direivos que si, que o traballo foi intenso e continuado. Pero sempre me gustou, así que creo que o levo ben.

21. *¿Como acolle as visitas ós colexios?*

Case sempre son moi satisfactorias (a estancia no voso foina, e moito.) O que me amola é ir ata o centro, os desprazamentos, pois suponen unha alteración da vida diaria. Pero, unha vez estou nel, a verdade é que o paso moi ben. É agradable (e, ás veces, emocionante) atoparte cos lectores e coñecer de viva voz as súas opinións.

22. *¿Cre que son importantes para os rapaces?*

Supoño que para a maioría si que o son. Se a un lector lle gustou un libro, sempre é atractivo poder dialogar con quen o escribiu. A min, cando menos, gústame facelo sempre que teño oportunidade.

23. *¿Cres que estamos no inicio dun proceso semellante ao que se describe en O centro do labirinto?*

Se escribín ese libro foi para poder falar de problemas actuais que me preocupan moito. Trasladeinos ao futuro, pero os problemas son actuais. Preocúpame esa obsesión por borrar a diversidade humana, tamén a lingüística, en vez de considerala a maior riqueza que temos. O que pasa é que confío en que a xente nova sexa capaz de recuperar as boas ideas e facer un mundo distinto. Só que non lles vai ser nada doado.

24. *¿Que opina sobre o panorama literario xuvenil?*

O mesmo que sobre o adulto. Que cada ano saen algunhas obras, nunca son moitas, que paga moito a pena descubrir. Non podemos ler todo o que sae, sería imposible, así que cada lector debe buscar aqueles libros e autores que realmente pagan a pena.

25. *¿Que opina sobre o fenómeno Harry Potter?*

É case imposible opinar con liberdade sobre el, pois xa hai moitos intereses extraliterarios ao redor do fenómeno, convertido tamén nunha marca publicitaria e mediática. Eu, ademais, só lin os dous primeiros. Parecéronme dous libros entretidos e ben escritos. Pero non están entre os meus preferidos. E creo que é moi bo que os rapaces os lean, sempre que sirvan de entrada para que logo lean outros autores, pois, aínda que a algúns non llelo pareza, "hai vida, e moita, máis alá de Harry Potter".

Katia Collazo e Mª Teresa Pazos (4º A ESO)

Creación

Os amigos enfadados

Érase que se era dous animais moi amigos. Un deles era un burro; pero a pesar de ser burro, tiña moita sabedoría. O outro era un coello moi veloz, pois cando ía roubar comida nunca o pillaban.

Un día o coello cometeu un erro: empezou a competir co burro por calquera parvada. Pelexaban ata por un caramelo.

Polo cumpreanos do coello, seus tíos regaláronlle un móbil. O burro pedíallo, sempre llo pedía porque quería saber como funcionaba, ata lle chegou a ter envexa. O coello sempre lle dicía que non. Un día o burro fartouse e díxolle ó coello:

-Oe, amiguiño, eu marchou da casa.

O coello tomouno a broma e respondeulle:

-Vale, pero ás 5:00 na casa.

O burro colleu a súa bici, pois tiña unha de montaña en forma, e marchou. Cando deron as 5:00, o burro aínda non vovera e o coello empezou a preocuparse. Ó día seguinte, foi ó garaxe, colleu a súa bici e saíu na súa busca. Nada, fartouse de buscar e non o atopou.

Cando volveu á casa, viu que pasara por alí o burro e deixara unha nota para el que dicía:

"Coello tacaño, por non me deixares o móbil funme para Francia e aquí a vida é moito máis tranquila. Teño un amigo novo que tamén lle regalou un móbil, pero el déixamo. Non nos volveremos ver. Ata nunca, coello tacaño.

Firmado: O burro."

O coello, ó ler a nota, sentouse nunha pedra do xardín, sen comer e beber: estivo a piques de morrer.

Cando empezaba a cerrar os ollos, apareceu o burro:

-¡Ola, amigo! ¿Que tal estás?

- Ben respondeu o coello.

- Descubrín que un móbil non é tan importante coma un amigo.

- ¿Amigos?- preguntou o coello.

- Amigos- respondeu o burro.

E non se separaron nunca máis.

(Rubén Sónora Nieto-4º B Prim.)



2.4. TEMPERATURA E VENTILACIÓN

✍ A temperatura axeitada para o traballo intelectual estímase ó redor dos 20 graos . O frío excesivo produce inquedaanza e nerviosismo, mentres que demasiada calor invita á inactividade.

✍ O cuarto de estudio debe ser ventilado con frecuencia.

3. AMBIENTE FAMILIAR PROPICIO

O ambiente familiar dos alumnos que soen obter mellores notas, a miúdo se caracteriza por:

✍ Acordo unánime entre os pais á hora de esixir ós seus fillos disciplina e responsabilidade.

✍ Firmeza pero sempre acompañada de comprensión e tolerancia. Ser firme non implica ser duro ou intransixente. O autoritarismo e a violencia non conducen a resultados positivos.

✍ Respetto sempre a un horario familiar máis ou menos flexible, a unhas normas de traballo e de conducta correctas.

✍ Comprensión e axuda, valorando o esforzo que realiza o seu fillo ou a súa filla por superarse cada día.

✍ Constancia á hora de esixir que os seus fillos cumpran coas súas responsabilidades. Non esquezan que tanto os/as alumnos/as de PRIMARIA como de SECUNDARIA deberán ter un horario de estudio ó saír do colexio. O ideal é que o alumno/a de Primaria estudie máis ou menos unha hora diaria e o de Secundaria dúas horas diarias, e como mínimo cinco días á semana e sempre á mesma hora. É fundamental crear hábitos de traballo e estudio diarios (rutinas), e non permitir que os fillos estudien só a víspera do exame.

✍ Para poder organizarse e cumprir coas obrigas escolares, os pais terán moi presente que:

✍ A profesión do seu fillo é ser estudante.

✍ Aparte de ser estudante é tamén un membro da familia coas súas obrigas.

✍ Para poder atender ambas necesidades é preciso facer unha planificación conxunta. Ambas partes (pais e fillos) deben respectar o tempo dedicado ó estudio.

✍ Igualmente háselles de pedir ós amigos e compañeiros que respecten o seu tempo de estudio.

✍ Os pais deben facer o seguimento da tarefa escolar a partir da planificación das actividades de cada materia e a distribución de exames e traballos, mostrando interese polo rendemento do fillo durante o curso e polas dificultades que ó longo do mesmo poida experimentar.

✍ Os pais deben planificar tamén cos fillos o horario semanal adicado a ver a televisión, seleccionando os programas que verán, e non deixando baixo ningún concepto que ver a televisión sexa a principal ocupación do rapaz ou rapaza, e obrigando sempre ós fillos a deitarse a unha hora prudente para favorecer un aproveitamento da xornada escolar no día seguinte.

Departamento de Orientación

Consellos para os pais

AXUDE ÓS SEUS FILLOS A ESTUDIAR

1.- A BOA FORMA FÍSICA

O estudo ou traballo intelectual é unha actividade psíquica, e como tal está condicionado á boa saúde física, ó benestar corporal. Por iso é conveniente:

1.1. DESCANSO

✍ Durmir entre oito e dez horas. Recomendar ós seus fillos unha hora fixa para durmir.

✍ Suprimir ou reducir canto se poida os alimentos excitantes como o alcohol (suprimir totalmente), chocolate, café, especias.

✍ Cear cedo, cea lixeira e dixestiva.

1.2. ALIMENTACIÓN RACIONAL

✍ Dieta equilibrada e variada, a base de vexetais, peixe, carne, leite, ovos e froita.

✍ É importante almorzar forte (leite, cereais ou pan e froita), xantar simplemente ben, merendar algo e cear pouco.

1.3. O EXERCICIO FÍSICO

✍ Cómpre realizar algún exercicio físico de maneira moderada e habitual.

✍ Non utilizar o deporte nin a lectura como castigo.

2.- O LUGAR DE ESTUDIO

Entre os factores que afectan á eficacia na aprendizaxe, este inflúe máis do que comunmente se pensa.

2.1. UN LUGAR FIXO

É importante contar cun lugar fixo para o estudio, no que o alumno se sinta agusto, decorado ó seu gusto e lonxe de ruídos que o poidan molestar. As veces a radio, a televisión, a aspiradora, etc. provocan distraccións.

2.2. MOBILIARIO

Son necesarias unha mesa, unha silla e estanterías

✍ Unha mesa cunha superficie suficiente para traballar

✍ Unha silla cunha altura proporcional ó rapaz ou rapaza e á mesa, e un firme respaldo para evitar posturas incorrectas.

✍ As estanterías cerca da mesa para que o/a alumno/a dispoña facilmente do material de consulta e de traballo.

2.3. ILUMINACIÓN

Se o rapaz ou rapaza é destro/a a luz débelle entrar pola esquerda; no caso de que sexa zurdo, entraralle pola dereita. É moi práctica unha lámpada articulada con bombilla azul de 60 w para reducir a fatiga da vista. Para evitar sombras convén que o cuarto dispoña, ademais, doutra luz ambiental.

Os soños de Bran.

*Á miña avoa Carme
porque é a única avoa que me queda.*

Érase unha vez un neno que se chamaba Bran. Pola noite tiña sempre soños.

Unha noite soñou que os seus pais crearan un robot e que el se metera entre as coles porque tiña meda. Mentres os seus pais terminaban de fabrica-lo robot, Bran foi correndo moito ata a casa para ir ó faiado, colle-la súa espada de plástico e probar se podía co invento de seus pais. Cando volvía coa espada espertou e tivo que correr ó baño para vomitar, do medo que lle deu o soño.

Pola mañá Bran contoulles un chiste ós seus pais. Quería olvida-lo soño da noite.

Cando se fixo de noite outra vez, Bran non quería durmir por se soñaba outra vez co mesmo, pero estaba tan canso que adormeceu e volveu soñar.

Esta vez soñou que estaba soñando cos coches de xoguete e que un rapaz lle collera un. El, soñando pensaba que levantaba ó rapaz polo pescozo pero, na realidade, o que subira fora a lámpada da mesita.

Cando espertou e se decatou do que fixera, quedou un pouco preocupado. Cavilou e cavilou qué podía facer para durmir e non soñar e veulle unha idea á súa cabeza: facer un invento na ferralla dos seus pais.

Traballou e traballou e das súas mans saíu un sombreiro máxico. Púxoo na cabeza e sentiuse tan feliz que foi para a cama e durmiu toda a noite. Só soñou que era feliz.

(Sergio Fernández Queiro- 6º A)



Pampinto busca un amigo

Pampinto era un anano que vivía nunca maceta dun xerario. Non era un anano vello, eso víase, non paraba quedo nin un anaco. Aínda así non é que estivera moi contento, quería ter un amigo, un compañeiro co que xogar. Pampinto tiña uns brazos longos e unhas pernas curtas. Tiña unha panza gordecha que saía pola esfarrapada roupa que levaba. Un bo día escapou da casa na procura dun amigo, que, como vos dixen, quixera xogar con el. Camiñou e camiñou ata que divisou un gran charco de auga: o mar. Meteuse nunca barca e un vello mariñeiro levouno ata o centro do mar pero logo volveu a terra e Pampinto quedou sen cruzalo. O anano pensou que ese barquito pequeno non podía recorrer todo o mar porque cansaba.

Entón montou noutra barca máis grande e chegou a outro lugar. Era unha aldea e Pampinto sabíao, vírao nos seus contos.

Un día atopou unha abella e díxolle:

- *Ola abella, ¿Qué che pasa que estás moi triste?*
- *E que non queren xogar conmigo.*
- *¿Cómo que non?, ieu si que quero!*

Así foi como Pampinto atopou un amigo e pasou unas vacacións na aldea antes de voltar co seu amigo para a cidade.

Fin

(Alba Souto 4º B Primaria)



para comprar o de fóra. A diferenza de prezos débese a que en Miami non hai tanta man de obra, xa que se traballa con maquinaria moderna e a que os países ricos subvencionan a súa agricultura para vendela aínda que a produción saia máis cara. Desesa forma, Paulo non gaña nin para pagarlle a esas persoas que foran axudarlle a cultivar e tampouco ten para darlle de comer á súa familia nin para pagar os medicamentos da enfermidade da súa muller. Ésto déixao nunhas condicións de vida pésimas e por iso temos que pensar en axudalos. Deberíamos tamén presionar ós gobernos para que isto cambie.

ACTIVIDADES NO CPI DE LOUSAME SOBRE O COMERCIO XUSTO

O Departamento de Actividades Extraescolares, en colaboración cunha ONG, teñen previsto realizar un mercadiño solidario. Nel intervirán todos os alumnos do centro cunha serie de actividades que se desenvolverán probablemente no ximnasio do colexio a finais de curso.

Neste mercadiño haberá representantes de ONG'S que e explicarán ós diversos alumnos en qué consiste e cómo colabora a xente para que este proxecto se leve a cabo. No mercadiño comerciarase con produtos de comercio xusto: alimentos, obxectos de artesanía, etc...

Con esta actividade téntase ensinar ós rapaces que no mundo non todo é xusto e que, comprando noutras tendas, axudas ós produtores, posto que co outro comercio tradicional estes non reciben a súa verdadeira recompensa.

Gonzalo, Raquel e Katia, 4º ESO.

Equita Crema 400 gr. Crema de Cacao con avellanas.	90320101 12 uds/ caja	
	2,50 €	
Cacao Instantáneo de Comercio Justo 375 gr. Cacao soluble	93003001 16 uds/caja	
	2,70 €	
Cacao Puro de Comercio Justo 250 gr Cacao 100% Natural	93003003 12 uds/caja	
	2,50 €	

COMERCIO XUSTO:

¿QUE É?


Moitas persoas non nos saberían responder á pregunta de que é o comercio xusto. Non teñen mentalizado que máis vale comprar produtos elaborados dun xeito artesanal e sen que se aproveiten as compañías multinacionais como intermediarias. Porque ademais de ser bo para a nosa saúde estamos axudando a miles de familias a que teñan algo de que vivir.

As persoas, cando se dirixen ó mercado só pensan en comprar produtos a bo prezo, non pensan para quen van os beneficios, cando nas súas mentes deberían ter conciencia de comprar produtos un pouco máis caros sabendo que eses cartos reciben un destino adecuado.

O comercio xusto é unha forma alternativa do consumo que non só fai que teñamos café na casa, cacao ou artesanía de países lonxanos, senón que, por riba de todo, quere que se respecten os dereitos fundamentais e a dignidade dos produtores/as do sur e así intentar mellorar as súas condicións de vida.

O comercio xusto xurdiu en Holanda en 1959 como medida de denuncia da inxusta relación de intercambio entre países e a explotación laboral sufrida polas persoas dos países do sur. Actualmente, en Europa hai máis de 3000 tendas, 70 delas en España, e 45000 puntos de venta.

Con estes beneficios unha das cousas que se poderían facer é comprar menciñas, xa que fan moita falta e están moi caras. Ás veces, os medicamentos son tan caros que a xente dos países pobres



curar as súas enfermidades, por non ter con que pagar as menciñas; a maioría das persoas pobres morren por esta causa.

UN CASO IMAXINARIO PERO QUE PODE SER REAL

As persoas dos países pobres, coma por exemplo A República Dominicana, traballan duramente: seis horas pola mañá e seis horas pola tarde. Ás veces tamén teñen que traballar pola noite. Os seus beneficios non son moitos, na maioría dos casos non gañan cartos co seu produto nin para pagarlles ás persoas que lles axudaron a cultivalo.

Paulo é un agricultor dominicano, traballa máis de doce horas ó día para sacar adiante a súa colleita de arroz. Canda el traballa a súa familia e outras persoas ás que lles paga. Cando leva o produto ó mercado, non consegue vender moito e hai veces que incluso non chega a vender nada por culpa das importacións de arroz que veñen desde Miami.

Ese arroz vén moito máis barato e fai que a xente rexeite o seu produto

Cordel de Libros**A expedición do Pacífico**

Autor: Marilar Aleixandre.

Editorial: Xerais.


Colección: Fóra de xogo.

Este é un libro baseado en feitos reais, da última expedición que se fixo ó Pacífico. Trata dunha rapariga chamada Emilia á que lle gustaría moito ser exploradora, pero por aquel tempo non se vía ben que unha muller tivera eses traballos. Naquela época as mulleres estaban discriminadas, existía unha sociedade moi machista; por iso Emilia, aínda que quixese, non podía exercer de exploradora, como o era seu irmán.

Esta rapaza era moi espelida e dunha vez, cando seu irmán tiña que marchar a unha expedición ó Pacífico, meteuse no barco sen que ninguén a vise. Alí tivo que facer un sacrificio moi grande para ela: cortar a seus longos e preciosos cabelos. Nese barco viviu emocionantes e interesantes historias, pero unha delas, e sen dúbida a máis importante, foi coñecer o amor da súa vida, un mozo chamado Diego. Emilia quedou prendada del e, mentres ían pasando os días e ía madurando, Diego algo sospeitaba. Faltoume dicirvos que el non estaba seguro das súas sospeitas porque Emilia disfrazárase de home. Ó final do traxecto, Emilia quitou ese disfraz que tanto tempo levara e entón Diego...

Pódese dicir que este libro é emocionante, cun pouco de aventura e un pouco de romanticismo; aconséllvos que o leades porque é precioso e non resulta unha lectura complicada.

Katia Collazo (4º A ESO)



Tristes armas

Autor: Marina Mayoral.

Editorial: Xerais.

Colección: Fóra de Xogo.

Tristes armas é a historia de dúas rapazas que se tiveron que separar de seus pais e emigrar por culpa da guerra civil.

Estas nenas viven varios sucesos, desde aprender os novos costumes dun país estraño ata namorarse; pero a todo isto hai que sumarlle unha serie de historias que van ocorrendo, como unha carta que lles escribiu a nai destas rapazas e parece que nunca vai chegar a tocar as súas mans. O final deste libro ten dous aspectos: que as fillas fagan a súa vida en Galicia, a súa terra de orixe (casar, ter fillos, ter unha profesión...); e o outro aspecto é saber de súa nai... ¿volverán a vela?

Este libro é precioso, con el podes vivir unha aventura á vez que emprendes unha viaxe ó máis profundo dos sentimentos das protagonistas. Tamén che axudará a coñecer algunhas das consecuencias da guerra civil española. Aconséllaríallelo especialmente a aqueles ós que lles guste que a lectura lles dea sorpresas.

Katia Collazo (4ª ESO)


La tabla de Flandes

Autor: Arturo Pérez Reverte.

Editorial: Jet.

Ediciones de Bolsillo.

Este libro trata duna restauradora de cadros que se ve envolta nunha serie de asasinatos por culpa duna inscrición que se atopaba oculta nun cadro do S.XV. Hai todo tipo de intrigas nesta obra, pero non se sabe quen é o asasino ata o final do



San Xusto de Toxosoutos



Ó outro lado, na parte superior esquerda, atópase San Benito (tamén coñecido como monxe negro), cunha casula negra; este é outro fundador.

Na parte inferior atópanse os Santos Xusto e Pastor, os titulares da igrexa. Estes eran dous irmáns mártires de Alcalá de Henares. Eran moi adorados polos monxes.

Arriba está o Espírito Santo en forma de pomba.

Os retablos laterais son máis pequenos e cada un está adicado a un santo.

O retablo da esquerda está adicado á Virxe. No centro, entre dúas columnas dóricas, atópase a Virxe do Carme e ós lados San Antonio e San Roque.

O retablo da dereita está adicado ó Neno Xesús. No centro, entre dúas columnas dóricas, está o Neno

Xesús e ós seus lados está a Piedade e Santa Lucía.

Pénsase que as imaxes, tamén de madeira, son anteriores ós retablos. Son todas escultura popular barroca, exceptuando a Virxe do Carme e o Neno Xesús que son máis recentes, probablemente neoclásicos.

Sábese con certeza que o Rosario estaba na igrexa antes de 1834 ano no que volveu a ser restaurada. Ademais dos retablos aparecen dous elementos escultóricos particulares. Un é a lauda do Abade, unha rocha pertencente á época na que San Xusto de Toxosoutos era unha abadía, e caracterízase por ter un abade en relevo, algo semellante a un báculo e a varias letras ilexibles.

O outro é unha especie de escudo e atópase nunha casa pertencente ó mosteiro en tempos pasados a cal na actualidade é un albergue, situada ó lado da igrexa un pouco máis abaixo.

PINTURA:

Non se conserva ningunha pintura dos comezos, pero si existe policromía nos retablos, maioritariamente de cor azul e laranxa, aínda que non se distinguen ben debido ó paso do tempo e ás humidades.

Os retablos laterais teñen unha policromía máis alaranxada e dan impresión de forza, as do principio son máis frías.

Arte relixiosa no concello de Lousame

Imos iniciar unha sección de colaboración de ex-alumnos do colexio que realizaron un interesante estudio sobre obras de arte relixiosa nas diferentes parroquias do concello. Este traballo levouse a cabo durante o curso 2001-2002, e cada grupo de alumnos quedou encargado de estudar a igrexa da súa parroquia desde os puntos de vista arquitectónico, escultórico e pictórico. Comezamos neste número co estudio feito sobre a igrexa de San Xusto de Toxosoutos, e continuaremos nos números seguintes coas restantes parroquias, agás a de Camboño, porque, como sabedes, os rapaces desta feligresía estudian no Son. Os autores desta primeira “entrega” foron Lorena Coto Ferreira, Susana Gonçalves Iglesias, Silvia Da Cuña Sabugueiro e Rosa María Figueira Rey.

SAN XUSTO DE TOXOSOUTOS

ARQUITECTURA:

A igrexa de TOXOSOUTOS está situada en San Xusto (Lousame) e a suá data remóntase ó ano 1132 (S.XII). Comezou coma un mosteiro románico do que só quedan unhas pequenas mostras, entre elas o claustro de Toxosoutos, o cal foi vendido no ano 1920 polo párroco desta igrexa, para custear obras na igrexa parroquial; foi mercado polo Vizconde de San Alberto. Este colocouno como patio interior do Pazo Pena Douro, e hoxe encontrase

en Noia.

Sufríu varias reformas, entre elas a de 1913, logo tivo outra en 1834, e xa finalmente en 1998 renovouse definitivamente, polo que agora xa non se reconece de que estilo é.

ESCULTURA:

Na igrexa de San Xusto pódense apreciar tres retablos, o principal (1800) e dous laterais (1700).


Son de arte neoclásica e diferéncianse ben porque teñen formas clásicas coma os frontóns ou as columnas, as cales teñen unha simpleza propia desta época.

Estan feitos en madeira e é imposible saber quen é o seu autor.

O retablo principal destaca por ter no centro un frontón propiamente neoclásico e catro columnas corintias, entre as que se atopa a Asunción rodeada de anxos.

Era costume nos mosteiros beneditinos que a Virxe estivera no centro. Neste retablo hai catro santos máis.

Na parte superior dereita está San Bernardo de Claraval, fundador da orde, cunha casula branca propia do Císter.



libro; ten un final chocante posto que nunca te imaxinarías que fose ese.

Aconséllolles este libro a aqueles ós que lle guste a lectura de intriga. Non vos desanimedes porque sexa un pouco longo, ó final gustaravos. Katia Collazo (4º A ESO)

Molly Moon y el increíble libro del hipnotismo

Autora: Georgia Byng

Editorial: SM

Sipnose: Molly é unha nena que vive nun orfanato. Un día atopa un libro sobre hipnotismo e aprende moi ben a técnica. Hipnotizando a todos, consegue fuxir de alí, ir a Manhattan e triunfar no teatro; pero abandónao todo para volver buscar o seu mellor amigo, Rocky. Con el vivirá moitas aventuras antes de regresar ó orfanato, no que levarán a cabo unha marabillosa transformación.

É un libro moi recomendable para os alumnos do 3º ciclo de primaria ou 1º ciclo de ESO, sobre todo se vos gustan as historias con aventuras e temas como a amizade, a bondade e o humor.

Gloria González (1º ESO B)

El viaje fantástico de Bárbara

Autora: Rosa Montero

Editorial: Alfaguara (Col. Alfaguay)

Sipnose: Bárbara perdeu o seu can Canela e, para atopalo, debe internarse nun mundo descoñecido. ¿Logrará dar coa súa mascota?

É moi bonito e resulta moi interesante; se che gusta viaxar leo, porque descubrirás un mundo que nunca esquecerás.

Alba Souto (4º B Prim.)



Literatura Popular

CANTIGAS DE AMOR E DESAMOR.

Iniciamos unha sección literaria na que iremos dando a coñecer cantigas, refráns, adiviviñas e outras mostras da literatura oral da nosa comarca, que foron recollidas en diferentes cursos polos alumnos/as entre os seus maiores. Tentando unha mínima clasificación temática, imos comezar con cantigas de amor ou desamor.

Aunque me veas ir sola
no vengas a acompañarme,
que de compañía llevo
la madre de Dios del Carme.

Montañés, montañés,
no vengas a mi rebaño,
que te vas a quedar preso
en la rede del engaño.

A los Pirineos de Francia
me llevaron pa que te olvide;
aunque me lleven a Ceuta
olvidarte es imposible.

Olvida lo que te quise,
olvida mi gran dolor.
Si hace daño la bebida,
más daño me hizo tu amor.

Que te quiero bien lo sabes,
que te adoro, Sol divino,
que no me dejes en blanco
es el favor que te pido.

Olvidástesme por pobre
eu por rico che deixei,
vale máis un pobre honrado
ca un rico de mala lei.

Caseime para A Luaña
pensando en comer pan,
o forno de miña sogra
bota silvas no verán.

Caseime cun serralleiro
seica o demo me atentou,
agora vístome de safarranchos
que o serralleiro deixou.

Caseime cun vello
porque tiña moito gando,
o gando foime morrendo
e o home foime quedando.

Eu caseime por un ano
por ve-la vida que era,
o ano estase acabando
solteiriña quen me dera.



Panxoliña

Este ano os alumnos de ESO
recollemos cantos de Nadal.
Como mostra, este canto recollido
por Lydia Suárez Rodríguez. A
informante foi M^a Eugenia Lorenzo
Nimo, de 77 anos, na aldea de Chave.

Esta noite de Nadal, por ser noite de alegría
camiñando vai Xosé maila virxe María.
Caminan para Belén para chegaren con día,
cando a Belén chegaran media noite sería
“Abre a porta, porteiro, a Xosé e a María”.
“Estas portas, cabaleiro, non se abren ata o día”.
San Xosé foi buscar lume para alumear a María
cando San Xosé chegou María xa estaba parida.
Tanta era a súa pobreza que un pano non tiña,
botou a man á súa cabeza e un vello que ela tiña
rompeuno polo medio e ó neno Deus envolvíaa.
Baixou un anxo do ceo, ¡que lindos panos traía!
Uns eran de organza, outros de organza fina
e outros eran dunha tela que neste reino non había.

Pasatempo literario

SOPA DE LETRAS

1. Autora do libro O misterio dos fillos de Lúa.
2. Escribiu unha obra moi coñecida, Harry Potter.
3. O chápiro verde é un dos seus títulos.
4. Este autor escribiu o conto Brancaflor.
5. Esta muller publicou o libro ¡Voy volando!
6. Un dos seus libros titúlase Das cousas de Ramón Lamote e gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 1986.
7. Xa fai bastante tempo que deu á luz a súa obra Os corredoiras.
8. Esta tés que sabela inmediatamente: autor de D. Quijote de la Mancha.

F I N A C A S A L D E R R E Y W U A
M A O W L J K R O W L I N G A R Z B
O A B C D E F G H I J K L M N Ñ O C
P Q R S T U V W X Y Z J M A L O C D
A G U I A P A C O M A R T I N O N E
C H J C L N A B C D E F G H I J K F
A E U E O A T L M N Ñ O P Q R S T G
R L A R F N R O U V W X Y Z A B C Z
M O N V F O E A N F I A M W E R E I
E L F A L O U T L I A Y O U A R E Y
N O A N A L W R W E O L D I F I C K
V A R T E V O U F O I R L G A O L L
A T I E A E I O U I T X E E H E L O
Z A A S T A R O R V V H A I R I A R
Q U S F I M S S I O O E R N G A O Q
U V A U Z Q U E Z L L N S E D O S O
E Z S N T A M A A C A E S I E R S E
Z S V U A D E L O A L V E X A E E A

Adriana Froján, Adela Dávila e Tamara Antelo 6º A Prim.